

Asunto: alegacións á aprobación inicial da modificación da RPT do Concello de Culleredo

Anxos Sobriño Pérez, como presidenta da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), asociación que ten entre os seus fins defender a dignidade das condicións de traballo do persoal técnico de normalización lingüística, con CIF G-15542897, enderezo postal no apartado de correos 170 de Santiago de Compostela (CP 15702), enderezo electrónico info@ctnl.gal e teléfono de contacto 629 571 950,

EXPOÑO:

No *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* do 22 de febreiro de 2023 (<https://i.gal/Dfe9q>) o Concello de Culleredo publicou o anuncio da **aprobación inicial da modificación da súa relación de postos de traballo (RPT)**, acordo adoptado polo Pleno da Corporación o día 10 de febreiro de 2023. No anuncio concédese un prazo de **30 días para presentar alegacións**.

Na proposta de modificación da relación de postos de traballo (<https://i.gal/mXsnK>) **cámbiase a denominación da praza de técnico/a de normalización lingüística** que existiu durante 20 anos nos catálogos de postos anteriores (o máis recente publicado no BOP do 14 de setembro de 2021: <https://i.gal/jlaWZ>) **para convertela nunha praza de técnico/a de cultura con só tres funcións relacionadas coa normalización lingüística**. As funcións atribuídas á nova praza son:

- Promover actuacións encamiñadas a dinamizar o uso do galego nas actividades cotiás da cidadanía.
- Xestionar liñas de información e axuda dirixidas a asociacións e empresas para fomento do uso de galego.
- Xestionar expedientes relacionados co fomento do uso do galego.



- Elaborar informes, estudos, memorias e estatísticas sobre temas do servizo. Asesoramento técnico.
- Elaborar propostas para tomas de decisión relacionadas co servizo.
- Colaborar co persoal do servizo na realización de traballos de especial dificultade ou urxencia.
- Execución e seguimento de decisións adoptadas

Alén diso, **tamén se modifica a titulación de acceso**, que pasa a ser licenciatura en Lingua Galega, grao en Xestión Cultural ou equivalente, e o **requisito lingüístico**, que se reduce a **Celga 4** ou equivalente.

Esta modificación da relación de postos de traballo supón na práctica a **supresión do servizo de normalización lingüística** para reconvertelo nas funcións parciais dun servizo de cultura, nun concello de máis de 30 000 habitantes, da área metropolitana da Coruña e cun índice alto de uso do castelán como lingua de comunicación e escaso emprego social da lingua galega.

As áreas de traballo dun servizo de normalización lingüística non deben limitarse ao ámbito da cultura, senón que teñen que abranguer de forma transversal actuacións en diferentes departamentos da entidade e en diversos eidos sociais: na familia, infancia e mocidade, no deporte, nas novas tecnoloxías, no ámbito socioeconómico, na comunicación, no lecer, na educación, no turismo, na integración social, no asociacionismo, etc. Así o especifica a Lei de normalización lingüística (LNL) no seu artigo 25 (*O Goberno galego e as corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras*). Limitar o labor de promoción da lingua só a actividades culturais, mesmo sen dedicarlle a maioría da xornada laboral do persoal técnico, incumpre este mandato da LNL e reduce a efectividade do labor de promoción do uso e prestixio da lingua.

As **funcións dun servizo de normalización lingüística** están detalladas nas ordes de subvencións para a creación, o mantemento e o reforzo de servizos de normalización

lingüística que convocan tanto a Deputación Provincial da Coruña como a Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Clasifícanse en **catro áreas de traballo** (funcións xerais, de dinamización sociolingüística, de formación sociolingüística e de asesoramento lingüístico) e inclúen tarefas tan variadas como mellorar a calidade lingüística e comunicativa da institución, colaborar no deseño de programas de formación non lingüística para garantir a presenza do galego e de contidos favorables á mellora de actitudes lingüísticas, fomentar o uso do galego no conxunto da sociedade ou asesorar a administración municipal en todo o relacionado coa política lingüística. Incluimos a **lista pormenorizada de funcións** como **anexo**.

As entidades locais de Galicia teñen entre as súas competencias a normalización lingüística, é dicir, a promoción do uso e do prestixio da lingua galega en todos os seus ámbitos de influencia. Así o aclararon (<https://i.gal/vhRBp>) en 2018 a Dirección Xeral da Administración Local e a Secretaría Xeral de Política Lingüística, coa redacción e difusión do *Informe sobre a prestación do servizo de normalización lingüística pola Administración local en exercicio de competencia propia* (<https://i.gal/F1yH5>).

As ferramentas de traballo das administracións públicas para exercer as súas funcións son os **equipos técnicos especializados**, tanto no departamento de urbanismo ou no de servizos sociais como no de lingua. É imprescindible un departamento técnico ou SNL estable, dotado de persoal e orzamento suficiente, para analizar a situación da lingua nas entidades locais, para asesorar en política lingüística e para **planificar, xestionar, executar e avaliar accións e programas de normalización lingüística** que interveñan nas áreas prioritarias onde o galego perde prestixio ou utilidade. En definitiva, os servizos de normalización lingüística son necesarios para que as entidades locais poidan exercer de forma eficaz as súas competencias en normalización lingüística.

Por outra parte, o cambio de denominación da praza de técnico/a de normalización lingüística e a consecuente supresión do servizo de normalización lingüística (SNL) tamén implica que o Concello de Culleredo deixe de ter acceso aos programas de axudas para o mantemento de SNL da Deputación da Coruña e da Xunta de Galicia, que



supuxeron unha subvención total no ano 2022 de case 20 000 euros e de 82 458,72 euros nos últimos cinco anos.

En relación con estes antecedentes, formulo as seguintes **alegacións** ao acordo adoptado polo Pleno da Corporación o 10 de febreiro de 2023 sobre aprobación inicial da modificación da relación de postos de traballo:

1. **A praza de técnico/a de normalización lingüística debe manterse na relación de postos de traballo do Concello de Culleredo**, por ser necesario un posto especializado a xornada completa e estable para manter o servizo de normalización lingüística, o departamento que precisa a entidade local para exercer as súas competencias en normalización lingüística.
2. **As funcións que debe ter este posto son as detalladas no anexo**, de acordo coas ordes de subvencións da Deputación Provincial da Coruña e da Xunta de Galicia.
3. O requirimento lingüístico para esta praza debe ser un **Celga 5**, con fin de poder exercer as funcións de asesoramento lingüístico de nivel superior mencionadas no anexo.
4. As titulacións necesarias para esta praza deben ser grao en Lingua e Literatura Galegas, grao en Estudos de Galego e Español, grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios, licenciaturas equivalentes a eses graos ou outras titulacións superiores pertencentes á área de Humanidades ou de Ciencias Xurídicas e Sociais, sempre que posúan tamén o certificado de lingua galega do nivel 5 (Celga 5), de acordo tamén coas ordes de subvencións da Deputación Provincial da Coruña e da Xunta de Galicia.

Solicito que calquera notificación en relación con estas alegacións nos sexa dirixida preferentemente por correo electrónico ao enderezo presidencia@ctnl.gal.

Pontevedra, 21 de marzo de 2023



ANEXO: funcións dun servizo de normalización lingüística

a. Xerais:

- i. Asesorar a administración municipal en todo o relacionado coa política lingüística.
- ii. Facer seguimento do cumprimento da lexislación en materia lingüística por parte da institución.
- iii. Informar sobre a conveniencia, oportunidade, método, etc., de incorporar accións con obxectivos normalizadores en programas ou accións do Concello de índole diversa, e colaborar na súa especificación, deseño e materialización.
- iv. Emitir informes sobre a oportunidade, conveniencias, etc., de accións do Concello con respecto ao fomento do uso e prestixio da lingua galega.
- v. Colaborar coa administración para determinar os perfís lingüísticos necesarios en cada un dos postos de traballo e colaborar nas probas e procesos selectivos para que se avalíen convenientemente os coñecementos lingüísticos por parte dos/as aspirantes.

b. Dinamización sociolingüística:

- i. Fomentar o uso do galego no conxunto da sociedade.
- ii. Planificar, xestionar, executar e avaliar accións a prol da lingua galega seguindo as directrices de política lingüística do organismo
- iii. Propoñer programas dinamizadores e accións concretas que conciencien a sociedade respecto do uso e prestixio da lingua galega, e a impliquen no proceso normalizador.
- iv. Propiciar e xestionar liñas de información, colaboración, coordinación e axuda dirixidas á rede asociativa, empresarial, educativa, xuvenil, etc., para fomentar o uso e prestixio do galego.
- v. Promover e coordinar grupos de persoas interesadas no proceso de normalización lingüística para que funcionen como axentes normalizadores na sociedade.



c. Formación sociolingüística:

- i. Planificar, xestionar, coordinar e difundir a realización de cursos de lingua galega, xerais e específicos, tanto para o persoal da administración como para diferentes sectores sociais.
- ii. Difundir materiais que contribúan á tarefa normalizadora: dereitos lingüísticos, lexislación, recursos lingüísticos, etc.
- iii. Colaborar no deseño de programas de formación non lingüística para garantir a presenza do galego e de contidos favorables á mellora de actitudes lingüísticas.

d. Asesoramento lingüístico:

- i. Mellorar a calidade lingüística e comunicativa da administración.
- ii. Normalizar a imaxe lingüística, fixar criterios lingüísticos para a organización e establecer modelos de documentos.
- iii. Revisar e validar lingüisticamente aqueles textos que vaian ter maior difusión, impacto ou permanencia (carteis, folletos, rotulación, anuncios, impresos, publicacións, etc.), para garantir a calidade lingüística e o uso dunha linguaxe moderna, democrática e inclusiva.
- iv. Resolver dúbidas lingüísticas.